

*Á atención da alcaldía do Concello de Chantada*

**Propostas de Por Chantada-CUP para actuación desde o  
Goberno municipal perante a emerxencia sanitaria derivada  
do COVID-19.**



Antes de máis reiteramos que, tal e como xa fixemos mediante conversa telefónica, a nosa total disposición para colaborar co Goberno local no que sexa necesario na abordaxe da crise do coronavirus e para garantir o cumprimento das recomendacións das autoridades sanitarias. A diferenza doutros concellos, en Chantada decidiuse non integrar a oposición na Comisión de Seguimento do COVID-19 (a pesar das recomendacións da FEGAMP neste eido de 15/03/2020) e carecemos de informacións oficiais sobre as actuacións municipais a este respecto, o que consideramos que é unha eiva, nomeadamente neste intre en que xa temos a primeira vítima confirmada (20/03/2020).

En consecuencia, remitimos o presente documento recomendando actuacións que se fundamentan na lexislación estatal e galega, derivada da crise do COVID-19, e mais das informacións que dispomos doutros concellos. As nosas **PROPOSTAS** son as seguintes:

- 1. Estabelecer un telefone, dispoñíbel 24 horas, para atender as persoas maiores ou en risco de exclusión social publicitándoo nas RRSS e no site do Concello de Chantada. No comunicado de 16 de marzo esta información non figura e estase facendo en múltiples concellos do país.**
- 2. Elaborar desde Servizos Sociais unha listaxe das familias con necesidades de actuación e facer un seguimento telefónico das mesmas engadindo as que se detecten nos vindeiros días. Débese incluír aquelas familias que renunciaron ao servizo do SAF (para o que non debe facerse ningún trámite administrativo segundo o protocolo da Consellaría) e mais as persoas utentes do Centro de día.**
- 3. Coordinar os programas do CIM cos Servizos Sociais e que se faga seguimento das mulleres en situación de especial vulnerabilidade e vítimas de violencia machista, para alén de seguir as indicacións da Secretaria de Igualdade.**
- 4. Pór en marcha un servizo de comidas preparadas (bolsas comedor) para maiores e persoas en risco de exclusión social. Lembramos, dunha parte, que as familias que recibían alimentos de *Amigos de Galicia* hai tempo que non dispoñen do servizo, sen teren alternativa municipal, ao igual que aquelas familias con menores a cargo afectadas polo feche do servizo de comedor nos respectivos centros educativos; doutra parte, pódese contratar coa hostalaría local coas necesarias medidas de prevención. Igualmente, existen gandeiros que ofrecen alimentos de balde se o Goberno municipal estima viábel o seu reparto.**
- 5. Demandar a Vivenda a cesión da vivenda do Cantón, dada a situación de emerxencia, para persoas sen fogar, para alén de procurarlle aloxamento en establecementos hoteleiros da vila.**
- 6. Impulsar ou reforzar, segundo o caso, o Comité de emerxencia da Área Sanitaria do PAC de Chantada, verificando que todo o que se leva feito na comarca é axeitado a nivel médico e se adoptan as medidas en conxunto pertinentes para intentar minimizar na nosa zona os efectos do coronavirus.**
- 7. Reforzo do servizo de limpeza municipal con desinfección das instalacións municipais e da vía pública. Fumigar para desinfectar todas as zonas públicas ou establecementos**

abertos (concello, centro médico, Itas, farmacias, parques, varandas, limpeza de colectores que se abren coas maos etc) utilizando as mesmas solucións químicas que está utilizando neste momento a UME (Unidad Militar de Emerxencia). Isto é extensíbel ao camión municipal que limpa as rúas con auga. Coordinación cos supermercados, praza de abastos e outros establecementos abertos para vixilancia da correcta desinfección e prevención da transmisión nos mesmos.

8. Estabelecer un protocolo único para o persoal municipal, dotándoo dos EPI's e medidas de prevención necesarias. Subliñamos que se faga todo o posíbel ou máis para habilitar EPI's para todos (persoal municipal e Protección Civil).
9. Protocolo específico para o SAF ao seren as traballadoras especialmente vulnerábeis e darlle prioridade nos EPI's e nas medidas de prevención. Reorganizar a asistencia e tarefas de cada utente desde os Servizos Sociais para atender ás novas necesidades e minimizar as posibilidades de contaxio. Folleto específico para os utentes do servizo coa información máis relevante.
10. Enviar por correo a todas as casas información de utilidade: telefone 24 horas, telefone servizos sociais, prestacións extraordinarias postas en marcha etc.
11. Reorganizar o persoal en servizos mínimos para destinar o mesmo ao reparto de menciñas, alimentos e outros produtos de primeira necesidade. Debe facerse en quendas de mañá e tarde e, para que non se solape o persoal, que o SDCIF, Protección civil e persoal municipal se coordinen a través da Comisión de seguemento ou do órgano que se estipule.
12. Mellorar a vixilancia e control da corentena da poboación e dos locais fechados mediante a coordinación da Policía Local, a Garda Civil e o servizo de Protección Civil. Uso dun vehículo con megafonía disuasorio, que está funcionando ben nalgúns concellos de entidade semellante ao noso. A policía local debe extremar que só vaia un condutor por carro, que se garden as distancias á hora de mercar alimentos e outros produtos básicos etc.
13. Remitir os protocolos de prevención e boas prácticas da Consellaría de Medio Rural ás empresas do sector primario, como os servizos de alimentación e veterinaria animal, e aos produtores locais.
14. Decretar a suspensión do cobro de taxas, así como todos aqueles aprazamentos e fraccionamentos de taxas, impostos, etc. durante a vixencia do Estado de alarma.
15. Emitir bando en que se solicite que a xente que vén de fóra o poña en coñecemento do Concello e garde unha corentena de mínimo 15 días antes de relacionarse coa xente

**que vive todo o ano aquí e a xente de aquí extremar as precaucións e seguir as indicacións fornecidas.**

Para o anterior, do punto de vista económico, indicar que, como saberán, o *Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19* dispón o seguinte para o ámbito local:

### **Artigo 1**

300 millóns de euros para Protección á familia e atención á pobreza infantil. Prestacións básicas de servizos sociais». Os concellos poden demandar fondos extraordinarios xustificando relación coa crise para contratacións, por exemplo, no **SAF (epígrafe A), teleasistencia (epígrafe B), servizos ligados aos ofertados nos centro de día (epígrafe C), persoas sen fogar (epígrafe D), reforzo servizos sociais (E), EPI's (F), emerxencia social (G), conciliación (H).**

### **Artigo 3**

**O superávit das entidades locais poderase destinar** xa non só preferentemente ao pago da débeda, como até o de agora, mais **a servizos sociais** (gastos de inversión da política 23: Servizos Sociais e promoción social –no orzamento dos concellos 231: Asistencia social primaria–).

### **Artigo 4**

4.1.- Durante un mes, a partir de hoxe (Disposición final novena), os fornecedores de enerxía, gas e auga non poderán suspender o subministro dos consumidores vulnerábeis ou en risco de exclusión social (artigos 3 e 4 do Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerábel, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos).

4.2.- Prorrógase de forma automática, até o 15/09/2020, o bono social.

Por último, **solicitamos que se nos informe diariamente das medidas que se están desenvolvendo e se inclúa a toda a Corporación na Comisión de Seguimento do COVID-19, mediante o uso de medios telemáticos como o enderezo electrónico.**

Reiterándolles a nosa disposición total para colaborar reciban un cordial saúdo.

Chantada, 21 de marzo de 2020.

Grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.